

CPI DE XANCEDA

CURSO 2020/2021

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Programación da materia Lingua Estranxeira Inglés ao abeiro da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

MATERIAS DO DEPARTAMENTO E CURSOS

Materia	Curso	Grupos
INGLÉS	1º eso	1 con agrupamento
INGLÉS	2º eso	1
INGLÉS	3º eso	1
INGLÉS	4º eso	1

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización	3
2. Estrutura e composición do departamento	3
3. Elementos prescriptivos do currículo - Obxectivos	4
4. Relación dos aspectos curriculares por bloques temáticos: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave	5
5. Relación de unidades didácticas que contribuirán ao desenvolvemento da materia, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha delas	49
6. Metodoloxía didáctica	88
6.1 Estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe	88
6.2 Estratexias para a adquisición das competencias clave	88
6.3 Materiais e recursos didácticos	90
7. Avaliación	90
7.1 Avaliación continua	91
7.2 Avaliación inicial	91
7.3 Criterios de cualificación	91
7.4 Criterios de avaliación	92
7.5 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	93
8. Medidas de atención á diversidade	93
9. Plan de recuperación de materias pendentes	93
10. Elementos transversais	94
11. Actividades complementarias e extraescolares	95
12. Seguimento e avaliación da programación	95

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está feita ao abeiro da Lei de Educación para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE 8/ 2013, 9 de decembro) e ten a finalidade de conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola lei centrándonos na competencia lingüística.

Tamén traballaranse intensamente o conxunto de elementos transversais recollidos pola lei no proceso de aprendizaxe, facendo énfase na igualdade de oportunidades, o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, a defensa do medio ambiente e o coidado do propio corpo a través dunha dieta equilibrada e exercicio físico.

Este proxecto ten en conta un fenómeno tan evidente como é a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías.

Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

Seguindo o protocolo COVID-19, esta programación didáctica contemplará unha posible transición ao ensino non presencial se dita fase fose necesaria, tendo en conta os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

IDENTIDADE DO CENTRO e ALUMNADO

O CPI de Xanceda atópase no concello de Mesía, que ten 2.975 habitantes distribuídos en 12 parroquias.

A principal actividade económica está no sector agropecuario que marca as características do paisaxe dedicado fundamentalmente a pastos permanentes e hortas familiares. Mesía é un dos concellos da provincia da Coruña con maior número de cabezas de ganado vacún.

A actividade económica do concello complementase con industrias cerámicas e con pequenas e medianas empresas adicadas á fabricación de mobles, estruturas metálicas, confección, elaboración de pan e repostería, derivados lácteos e outras pertencentes ao sector servizos.

O Centro Público Integrado atópase en Xanceda, e conta coas seguintes etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

A maioría dos alumnos acoden ó Centro en autobús escolar, viven en casas unifamiliares, están en contacto coa natureza e teñen un comportamento tranquilo.

2. ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

No presente curso 2021-2022, a materia de primeira lingua estranxeira INGLÉS será impartida por Mariel Cuervo Sánchez, quen será tamén Xefa do Departamento, coa seguinte distribución de horas nos diferentes grupos:

- 1º ESO: 6 horas semanais (agrupamento, 3 horas cada grupo)
- 2º ESO: 3 horas semanais.
- 3º ESO: 3 horas semanais.
- 4º ESO: 3 horas semanais.

CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS E DO ALUMNADO

- 1º ESO - 17 alumnos, repartidos en dous grupos ordinarios. Todos eles proveñen da Sección de Primaria deste mesmo CPI. Hai un alumno con necesidades educativas especiais, e dous deles repiten curso.
- 2º ESO - 11 alumnos. Ningún deles repite curso. Un alumno incorporouse este curso.
- 3º ESO - 15 alumnos. Un deles repite curso.
- 4º ESO -19 alumnos. Ningún deles repite curso.

MATERIAIS E RECURSOS DO DEPARTAMENTO

- NEW ACTION - Student´s Book e Workbook (1,2,3,4) Editorial Burlington
- Libros de lectura axeitados á idade e intereses dos alumnos como potenciación do Plan Lector.
- Ordenador, dicionarios, libros de texto e exercicios de diferentes editoriais para facer actividades complementarias.
- Vídeos relacionados coa cultura británica e doutros países de fala inglesa.

3. ELEMENTOS PRESCRIPTIVOS DO CURRÍCULO

OBXECTIVOS DE AREA DE INGLÉS

Esta programación ten como obxectivo desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que estes asimilen as regras gramaticais da lingua inglesa e adquiren o vocabulario básico necesario para comunicarse e desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia, propias e alleas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Esta materia contribúe sobre todo á consecución dos obxectivos i), a), c), d), b), e), g) e j).**

4 . RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES POR BLOQUES TEMÁTICOS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

1º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. Identificación de palabras chave. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>específica).</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</p> <p>B1.6. Comprender o</p>	<p>áreas de prioridade inmediata.</p>	
			<p>PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
			<p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
			<p>PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.		
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación. Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Execución. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facen concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensación das carencias lingüísticas</p>	<p>B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p>	<p>PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p>	<p>PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.</p>	<p>PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou</p>	<p>PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.</p>	<p>educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).</p> <p>B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p>	<p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).</p> <p>B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.</p> <p>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <p>B3.5. Identificar</p>	<p>PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagógico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida releer as seccións difíciles.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</p>	<p>PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación. Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución. Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.).</p>	<p>PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p>	<p>PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>B4.4. Escribir mensaxes</p>	<p>PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.).</p> <p>Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva.</p>	<p>sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.</p> <p>B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.</p>	<p>relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.</p> <p>PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <p>PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>	<p></p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos básicos. Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e</p>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.</p> <p>B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións</p>	<p>PLB5.1. Identifica sons e grafas de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos</p>	<p>sociais (costumes e tradicións).</p> <p>B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.</p> <p>B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes</p>	<p>aclaración se non entende algo.</p> <p>PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).</p> <p>PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p> <p>PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua.</p> <p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).</p>	<p></p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras;</p>	<p>máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.</p> <p>B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p> <p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

2º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> a c d i 	<p>B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación de palabras clave. – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable 	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.</p> <p>B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir</p>	<p>PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.</p> <p>PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CCEC CSC <ul style="list-style-type: none"> CCL CD CCEC CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>das palabras ou das frases que descoñece.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<p>indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. ▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descrições moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá 	<p>habituais na súa idade e no seu contexto escolar.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. ▪ PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). ▪ PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		ou moi coñecidos. ▪ B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. ▪ PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Concepción da mensaxe con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación. ▪ B2.2. Producir textos breves e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións. ▪ PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- *HISTORY*: información interesante sobre as primeiras festas de aniversarios dos reis do Antigo Exipto.

UNIDADE 3: ANYTHING IS POSSIBLE

a) Obxectivos

- Aprender expresións e verbos relacionados con experiencias.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre unha historia inspiradora para que os lectores dunha web a poidan votar, e un perfil dunha persoa cunha historia inspiradora.

- Practicar o uso o *Present Perfect Simple*. Comparalo e diferencialo do *Past Simple*.
- escoitar e comprender un diálogo relacionado co logro de
- Falar sobre obxectivos e logros, e sobre persoas ás que se admira.
- Escribir unha redacción sobre unha persoa.
- acentuación das palabras nas oracións e pronuncia correcta do *Past Participle* dos verbos.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Verbos relacionados con experiencias.
- Identificación de diferentes verbos relacionados con experiencias.
- Comprensión e expresión oral de verbos relacionados con experiencias.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- Expresións relacionadas con experiencias.

Listening

- Imaxinar que fixamos unha meta, ou reto persoal, e falar sobre iso.
- Comprensión oral dun diálogo relacionado co logro de obxectivos.
- Contestar a preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.
- Volver escoitar a conversación e dicir se as frases que se dan son verdadeiras ou falsas.
- *CULTURE*: información interesante sobre a orixe do nome do grupo musical Black Eyed Peas.

Speaking

- Práctica da linguaxe e de expresións típicas para falar de logros e obxectivos (*I've always wanted to see ... , I've never been to ... , I can't imagine learning ... , etc.*).
- Realización de exercicios para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.
- *Pronunciation*!: acentuación correcta das frases.

Reading

- Lectura dun artigo sobre unha historia inspiradora, para que os lectores dunha web a poidan votar.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *GEOGRAPHY*: dicir que catro países se poden atopar nos crebacabezas e en cal deles o fútbol non é un deporte nacional.
- Lectura do perfil dunha persoa cunha historia inspiradora.
- Realización dunha enquisa na clase, para pescudar as cousas do colexio que lles gustan máis ou menos.

Grammar

- O *Present Perfect Simple* en afirmativa, negativa, interrogativa, e en respostas curtas.
- Os adverbios de tempo.
- Contraste entre o *Present Perfect Simple* e o *Past Simple*.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *CULTURE*: información interesante sobre a marca de lentes Ray-Ban.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta das formas do *Past Participle*.
- Exercicio en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Writing

- Lectura dun modelo de redacción sobre unha persoa, para completar a ficha.
- Diferenciación entre feitos e opinións.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos na sección.
- Producción dunha redacción sobre alguén que admiren.
- Comprensión oral e escrita de varios textos sobre adolescentes que alcanzaron o éxito.
- Contestar a unha pregunta sobre un dos adolescentes.

- Ler varias citas relacionadas co éxito e dicir se están de acordo ou non.

UNIDADE 4: KEEPING IT GREEN!

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado co ambiente e con materiais e tipos de envases.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un folleto dun museo e un artigo de promoción.
- Practicar o uso da voz pasiva en *Present Simple* e *Past Simple*, en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.
- Adverbios de tempo.
- escoitar e comprender un diálogo sobre unha enquisa relacionada co ambiente e unha visita guiada a unha planta de reciclaxe.
- Escribir un informe sobre un problema.
- Pronuncia correcta dos sons /s/, /ʃ/, /æ/ e /e/.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- O ambiente.
- Identificación de vocabulario relacionado co ambiente.
- Comprensión e expresión oral de vocabulario relacionado co ambiente.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta dos sons consonánticos /s/ e /ʃ/.
- Exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección.
- Vocabulario relacionado cos distintos tipos de materiais e de envases.
- SCIENCE*: aprender que material se recicla para facer chaquetas.

Listening

- Comprensión oral dun diálogo sobre unha enquisa relacionada co ambiente.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave da conversación.
- *SCIENCE*: aprender a distinguir materiais biodegradábeis.

Speaking

- Práctica da linguaxe e expresións típicas para dar opinións (*I don't see it that way., I can't argue with that., I suppose you're right, etc.*).
- Realización dun exercicio para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta dos sons vocálicos /æ/ e /e/.

Reading

- Comprensión escrita e oral dun folleto dun museo.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *GEOGRAPHY*: información interesante sobre o aumento de temperatura co paso dos anos, a causa do quecemento global.
- Lectura dun artigo de promoción sobre a iniciativa social *The Plastic Bank*.
- Concienciación sobre as consecuencias da contaminación por plástico.
- Localización de Colombia e Perú nun mapa. Dicir con que países lindan.

Grammar

- A pasiva en *Present Simple* e *Past Simple*: afirmativa, negativa, interrogativa e respostas curtas.
- Os adverbios de tempo.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

Writing

- Lectura dun modelo dun informe, para completar a ficha.
- Aprendizaxe do uso correcto das conxuncións causais e consecutivas.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos.
- Producción dun informe sobre un problema ambiental.
- Compresión oral e escrita de varios textos sobre as consecuencias da deforestación.
- Relacionar as imaxes coas historias que se dan.

UNIDADE 5: FAMILY AND FRIENDS

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario e verbos para falar de relacións persoais.
- Ler de forma comprensiva e autónoma o resumo dun libro e un artigo baseado en información real.
- Practicar o uso dos tempos de futuro con *will* , *be going to* e o *Present Continuous*, e do primeiro e segundo condicional.
- escoitar e comprender un diálogo sobre o futuro e un programa de radio para tratar problemas.
- Falar sobre expectativas, desexos e problemas.
- Escribir unha carta ou un correo electrónico para dar consellos ao destinatario ou receptor do correo.
- Entoación das oracións compostas e pronuncia correcta do son /ə/.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- As relacións persoais.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- Verbos para falar de relacións persoais.

Listening

- Contestar a preguntas relacionadas coa vida nunha nova cidade.
- Comprensión oral dunha conversación relacionada co futuro.
- Contestar a varias preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.
- Comprensión oral dun programa de radio para tratar problemas

Speaking

- Práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de expectativas e desexos (*I hope I'll ... , I wish I could ... , I'd love to ... , etc.*).
- Exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.
- Pronunciation: pronuncia correcta do son /ə/.

Reading

- Lectura dun resumo dun libro.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.

CULTURE: información interesante sobre varias organizacións sen ánimo de lucro.

- Lectura de un artigo baseado en información real.
- **SCIENCE:** datos curiosos sobre a relación da xenética humana coa do resto de especies que habitan o planeta.

Grammar

- Os tempos de futuro: *will*, *be going to* e o *Present Continuous*.
- O primeiro e o segundo condicional.
- Os adverbios de tempo.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

Writing

- Lectura dunha carta ou dun correo electrónico na que se dan consellos ao destinatario ou receptor do correo, para completar a ficha.
- Aprendizaxe do uso correcto dos conectores de contraste.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos.
- Escribir unha carta ou correo electrónico para dar consello, prestando especial atención ao uso os conectores de contraste.

UNIDADE 6: WHAT A CRIME!

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario xornalístico relacionado coa delincuencia.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha presentación de diapositivas e unha páxina web.
- Practicar o uso do estilo indirecto.

- escoitar e comprender un diálogo sobre un delito e unha historia que se conta nas noticias.
- Facer entrevistas e falar de delitos.
- Escribir un artigo sobre unha noticia.
- Acentuación das palabras compostas e pronuncia dos sons consonánticos ao final de palabra.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario xornalístico relacionado coa delincuencia.
- Identificación de vocabulario xornalístico relacionado coa delincuencia.
- Comprensión e expresión oral de vocabulario xornalístico relacionado coa delincuencia.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- *Pronunciation*: acentuación correcta das palabras compostas.
- Verbos que se utilizan para falar de delitos.

Listening

- Relatar un delito que presencien ou vexan por televisión.
- Comprensión oral dun diálogo sobre un delito.
- Contestar a unha pregunta para demostrar que entenderon a información clave do diálogo.
- Completar as frases coa información do diálogo.
- *SCIENCE*: facer un mini cuestionario sobre as impresións dixitais.

Speaking

- Práctica da linguaxe e de expresións típicas para facer un interrogatorio ou contestar a preguntas (*What exactly happened?; Can you describe the suspect?; Yes, he was short with red hair; Yes. I saw the thief's car.*).
- Realización dun exercicio para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta dos sons consonánticos ao final da palabra.
- *CULTURE*: información interesante sobre como lle afectou á vida de Charles Dickens o feito de que ter débedas fose un delito, durante a Inglaterra do século XIX.

Reading

- Comprensión oral e escrita dunhas diapositivas relacionadas con boas accións que algúns presos levaron a cabo mentres estaban en prisión.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave dos textos das diapositivas.
- Lectura dunha páxina web sobre como interfere o uso dos teléfonos móbiles na comisión dun delito, ou na resolución do mesmo por parte da policía.
- *HISTORY*: completar as frases cos números que se dan, para pescudar cal foi o primeiro teléfono móbil que se inventou.

Grammar

- Conversión correcta de oracións en *Present Simple*, *Present Continuous*, tempos en futuro e modais ao estilo indirecto.
- Adverbios de tempo.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

Writing

- Lectura dun modelo dun artigo sobre noticias, para completar a ficha.
- aprendizaxe do uso correcto das comiñas.
- produción escrita dun artigo sobre algunha noticia.
- Dicir se as frases que se dan son verdadeiras ou falsas.
- Comprensión oral e escrita de textos relacionados co delito.
- Lectura dun texto relacionado coas violacións de Michael Fagan no palacio de Buckingham.
- información interesante sobre as picotas.

UNIDADE 7: MAN OVER NATURE

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado coa ciencia e a tecnoloxía.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo relacionado coa ciencia, e unha carta a unha revista sobre temas científicos.
- Practicar o uso dos pronomes relativos e dos compostos de *some* e *any*.
- escoitar e comprender unha conversación no laboratorio dunha clase de ciencias e unha conversación sobre inventos.
- Expresar posibilidade e certeza ao falar, e adiviñar ou identificar persoas, lugares ou cousas.
- Escribir unha descrición dun invento.
- Pronuncia correcta dos sons /əʊ/ e /ɔ:/, e de vogais de diferentes palabras unidas nunha soa sílaba.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coa ciencia.
- Identificación de vocabulario relacionado coa ciencia.
- Comprensión e expresión oral de vocabulario relacionado coa ciencia.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- Vocabulario relacionado coa tecnoloxía.
- *SCIENCE*: información interesante sobre a pintura radioactiva que se utilizaba ao principio do século XX, en fábricas dos Estados Unidos, e que provocou a morte de moitas mulleres que traballaban nelas.

Listening

- Mirar unha foto e dicir se saben o que mostra.
 - Comprensión oral dunha conversación no laboratorio dunha clase de ciencias.
 - Contestar a varias preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.
 - *SCIENCE*: información interesante sobre símbolos relacionados coa ciencia.
- Mirar a fotografía dun invento e dicir se saben para que serve.
- Comprensión oral dunha conversación sobre inventos. Dicir se saben de que inventos se fala na conversación.

Speaking

- Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para expresar posibilidade e certeza ao falar (*I'm sure, That's possible, Definitely, I doubt it, I'm not sure, Probably not, etc.*).
- Pronunciation: pronuncia correcta dos sons /əʊ/ e /ɔ:/.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta de vogais de diferentes palabras unidas nunha soa sílaba.

Reading

- Lectura dun artigo que mostra a relación da película de *Spider-Man* coa ciencia.
 - Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave
- Lectura dunha carta a unha revista sobre temas científicos. do texto.
- *CULTURE*: unir as frases para descubrir información interesante sobre *Spider-Man*.
 - localización de Noruega nun mapa. Dicir con que país linda en maior medida

Grammar

- Os pronomes relativos *who, that, which, where* e *when*.
- Os compostos de *some* e *any*.

Writing

- Lectura dun modelo de descrición dun invento para completar a ficha.
- Aprendizaxe do uso correcto dos sinónimos.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos.
- facer unha lista no encerado, dos inventos máis importantes do século XX
- produción escrita dunha descrición dun invento.
- Ver unha árbore xenealóxica da familia de Marie Curie e ler a relación que cada un dos seus membros mantén coa ciencia.
- Comprensión oral e escrita de varios parágrafos relacionados coa radioactividade.

- Dicar que elementos dos que aparecen nas fotografías son radioactivos

UNIDADE 8: AROUND THE WORLD

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado coa cultura, as tradicións e a xeografía.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre unha adolescente surcoreana que se grava comendo en directo para facer compañía, a través de Internet, a xente que come soa na casa, e unha páxina de preguntas frecuentes dunha web sobre costumes culturais
- Practicar o uso dos modais.
- escoitar e comprender a descrición dunha festividade e unha conversación sobre un programa de intercambio de estudantes.
- Falar de tradicións e facer suxestións e respondelas.
- Escribir unha descrición dunha viaxe para un folleto turístico.
- Pronuncia correcta das formas contraídas dalgúns modais e dos sons /ð/ e /d/.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- As diferentes culturas e tradicións.
- Identificación de vocabulario relacionado con diferentes culturas e tradicións.
- Comprensión e expresión oral de vocabulario relacionado con diferentes culturas e tradicións
- Vocabulario relacionado coa xeografía.
- *GEOGRAPHY*: localización de cidades británicas nun mapa do Reino Unido, a través da súa descrición.

Listening

- Contestar a varias preguntas sobre o festival que ilustra a fotografía que se dá.
- Comprensión oral dunha conversación sobre unha festividade tailandesa.
- Contestar a varias preguntas sobre a conversación e realizar un exercicio para demostrar que entenderon a información clave.
- *GEOGRAPHY*: descifrar o código para pescudar información sobre Tailandia.
- Contestar a varias preguntas relacionadas co intercambio de estudantes.
- Comprensión oral dunha conversación sobre un programa de intercambio.

Speaking

- práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre tradicións (*Where is it held?, Who attends?, What's it like?, Only if I want to, etc.*).
- exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.

Reading

- Lectura dun artigo sobre unha adolescente surcoreana que se grava comendo en directo para facer compañía, a través de Internet, a xente que come soa na casa.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Lectura dunha páxina de preguntas frecuentes dunha web sobre costumes culturais en diferentes partes do mundo.

Grammar

- Os modais en afirmativa, negativa e interrogativa: *can, could, should, must, have to, may e might*.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta da forma contraída dalgúns verbos modais.
- exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Writing

- Lectura dun folleto dunha viaxe, para completar a ficha.
- aprendizaxe da forma correcta de introducir exemplos nun texto.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos.
- *CULTURE*: información interesante sobre o Triángulo das Bermudas.
- Producción dunha descrición dunha viaxe para un folleto turístico, prestando especial atención á exemplificación.

- Comprensión oral e escrita de varios textos sobre distintas supersticións. Adiviñar de que país é propia cada unha das supersticións que se dan.
- Comprensión oral e escrita dun texto sobre leis curiosas.
- Lectura dun texto sobre leis relacionadas coa choiva e a seca, que se aprobaron en California.

UNIDADE 9: PEOPLE AND PRODUCTS

a) Obxectivos

- Aprender adxectivos relacionados coas compras e vocabulario relacionado con obxectos cotiáns.
- Ler de forma comprensiva e autónoma dous textos de exemplos de persoas que rexeitaron gañar diñeiro grazas aos seus logros e unha presentación de PowerPoint sobre a historia descoñecida dalgúns elementos de uso cotián.
- Practicar a expresión de preferencias.
- Os adxectivos cualificativos en grao comparativo e superlativo. As *fórmulas (not) as ... as e too ... / (not) ... enough*.
- escoitar e comprender unha conversación sobre preferencias nun supermercado e outra na que se contrastan opinións.
- Falar expresando preferencias e facendo comparacións.
- Pronuncia correcta das letras mudas, e dos sons /n/, /ŋ/ e /m/.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Adxectivos relacionados coas compras.
 - Identificación de diferentes adxectivos relacionados coas compras.
 - Comprensión e expresión oral de adxectivos relacionados coas compras.
 - Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- Vocabulario relacionado con obxectos cotiáns.

Listening

- Dicar que comprarían se organizasen unha festa con amigos na súa casa.
- Comprensión oral dunha conversación na que se discuten preferencias nun supermercado.
- Contestar a varias preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.

Speaking

- Práctica da linguaxe e expresións típicas para expresar preferencias (*I'm not keen on ... , I prefer ... to ... , I'd rather play ... than ... etc.*).
- Realización dun exercicio para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta das letras mudas.
- Pronunciation*: pronuncia correcta dos sons /n/, /ŋ/ e /m/.

Reading

- Lectura de dous textos con exemplos de persoas que rexeitaron gañar diñeiro grazas aos seus logros.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *SCIENCE*: información interesante sobre as vacinas.
- Lectura dunha presentación de PowerPoint sobre a historia descoñecida dalgúns elementos de uso cotián.
- *HISTORY*: información interesante sobre a invención das zapatillas de marca Converse.

Grammar

- Os adxectivos cualificativos en grao comparativo e superlativo.
- As *fórmulas (not) as ... as e too ... / (not) ... enough*.
- exercicio en parellas para practicar a comparación, utilizando seis substantivos e adxectivos diferentes.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

Writing

- Lectura dun modelo de redacción na que se fai unha recomendación para completar a ficha.
- atopar erros nunha redacción, mediante o repaso dos puntos traballados ao longo de todas as unidades.
- **GEOGRAPHY**: información interesante sobre as diferentes ligazóns da web de Amazon.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Intentarase crear contornas de aprendizaxe motivadoras, onde se teñan presentes as características e os intereses do alumnado e se fomente a súa implicación persoal e grupal no proceso de aprendizaxe para acadar unha auténtica competencia comunicativa.

É necesario tomar conciencia de que, a través da lingua, se transmiten valores sociais que poden levar a prexuízos o estereotipos culturais e sexuais. Este feito esixe aplicar á educación un enfoque crítico e reflexivo que axude a superar formas e usos estereotipados da lingua, e así acadar unha escola pluricultural e coeducativa . Favorecerase unha atención individualizada aos alumnos, complementándose con actividades de reforzo a fin de recuperar aqueles obxectivos e contidos básicos non consolidados e con actividades de ampliación para os *fast-finishers* cando sexa posible.

Prestarase unha especial atención aos temas transversais que se integran en cada unidade didáctica.

Debido á situación sanitaria actual usaremos a aula virtual, o correo electrónico, a plataforma Webex e outras ferramentas vencelladas á comunidade educativa para estar preparados no caso de que exista a necesidade de impartir clases a distancia.

6.1 ESTRATEXIAS PARA ALCANZAR OS ESTANDARES DE APRENDIZAXE

Estimularase aos alumnos a través do reforzo positivo.

A metodoloxía está enfocada a acadar os obxectivos de cada ciclo/curso e a potenciar o desenvolvemento da competencia lingüística e da competencia gramatical do alumnado. Con tal fin tentarase incluír en cada sesión actividades de expresión e comprensión tanto orais como escritas. O obxectivo primordial é integrar as destrezas de tal xeito que unha actividade de comprensión oral ou escrita de pé a outra de expresión oral ou escrita.

6.2 ESTRATEXIAS PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Aos alumnos/as preséntanselles numerosas oportunidades para desenvolver as súas competencias clave. ***Se presentarán diversas ferramentas interactivas para axudar aos alumnos/as na súa aprendizaxe: exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario, exercicios gramaticais con autocorrección; gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así como os ditados do Workbook.***

A materia de 1ª lingua estranxeira (Inglés) relaciónase moi directamente coa competencia en comunicación lingüística e debido aos seus trazos comunicativos, sociais e culturais, tamén contribúe ao desenvolvemento doutras competencias como a de aprender a aprender, a do tratamento da información e competencia dixital, á competencia social e cidadá, á competencia artística e cultural e á da autonomía e iniciativa persoal. De maneira máis tanxencial tamén contribúe ás competencias matemática e do coñecemento e a interacción co mundo físico,

especialmente mediante a utilización do inglés como instrumento de información con outros contidos do currículo.

A aprendizaxe dunha lingua ten tamén un compoñente social que vai axudar ao desenvolvemento persoal e profesional do individuo. A contribución da materia de inglés á **competencia social e cidadá** prodúcese a través de dúas vías. Por unha banda todas as linguas son un vehículo para a interacción social, e a súa aprendizaxe comprende non só os aspectos exclusivamente lingüísticos, senón tamén os compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua. Por outra banda, non podemos esquecer que toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e que o seu coñecemento favorece a tolerancia e o respecto polas outras culturas, relacionando a cultura propia coa inglesa, **aceptando a diversidade de valores, e superando prexuízos, favorecendo actitudes socialmente positivas tales como a cooperación a través do traballo compartido, o respecto ao interlocutor ou a participación activa en debates.** Dende a materia de lingua estranxeira (Inglés), a contribución á **competencia no tratamento da información e a competencia dixital** vai ser esencial. A contribución á **competencia dixital vai ser continua, a través do uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos, blogs, etc., pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, internet, presentacións de PowerPoint... ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de software específicos, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ofrece igualmente oportunidades para o achegamento ás súas principais manifestacións artísticas e culturais. Así, contribuírase ao desenvolvemento da competencia artística e cultural do alumnado a través da **presentación de modelos lingüísticos que conteñan valores artísticos ou culturais de maneira que aprenda a valoralos e a atopar goce estético neles.** O coñecemento dunha lingua estranxeira vai facilitar a competencia de autonomía e iniciativa persoal. Permítelle manexarse en situacións nas que, doutro xeito, non sería posible ou necesitaría de axuda. Supón a superación de dificultades e xera autoconfianza e autoestima, converténdose nunha ferramenta esencial á hora de desenvolver aspectos relacionados coa autonomía propia. **Mediante a preparación e realización de tarefas comunicativas, fomenta o desenvolvemento da capacidade de xestionar os proxectos e iniciativas propias a través do traballo cooperativo, identificando as metas e as necesidades, propoñendo obxectivos, planificando acción e estratexias para conseguilos.**

COMPETENCIA	CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LONGO DA COMPETENCIA CLAVE
Comunicación lingüística (CCL)	A máis relacionada, exercicios para practicar totalas destrezas, gravacións, diálogos, conversas.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	Organización do pensamento lóxico, reflectido, por exemplo, en textos argumentativos.
Competencia dixital (CD)	Creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, correo electrónico, blogs, etc., pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, internet, presentacións de PowerPoint, ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas.
Aprender a aprender (CAA)	O alumnado accederá a distintos tipos de información, textos e contidos que lle permitan lograr a aprendizaxe.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	Que toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e que o seu coñecemento favorece a tolerancia e o

	respecto polas outras culturas, relacionando a cultura propia coa inglesa, aceptando a diversidade.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	Permíttelle manexarse en situacións nas que, doutro xeito, non sería posible ou necesitaría de axuda.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	Presentación de modelos lingüísticos que conteñan valores artísticos ou culturais de maneira que aprenda a valoralos e a atopar goce estético neles.

6.3 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Materiais e recursos que se empregarán no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe:

LIBROS DE TEXTO

- 1º ESO- NEW ACTION 1 (Student´s book e Workbook) Editorial Burlington
- 2º ESO- NEW ACTION 2 (Student´s book e Workbook) Editorial Burlington
- 3º ESO- NEW ACTION 3 (Student´s book e Workbook) Editorial Burlington
- 4º ESO- NEW ACTION 4 (Student´s book e Workbook) Editorial Burlington

OUTROS MATERIAIS E RECURSOS

-os ordenadores do alumnado
 -o caderno do alumnado
 -materiais de apoio aportados polo profesor, tanto en papel como dixitais
 -a pizarra dixital

-RECURSOS TIC INFORMÁTICOS (Oxford Dictionary, Collins Reverso Dictionary, interactive games, programas tipo *kahoot*, *quizziz*, *edpuzzle* ou *liveworksheets*, entre outros, libros dixitais e material diverso procedente de páxinas web para fixar contidos o revisar os xa traballados na aula.)

- LIBROS DE LECTURA AXEITADOS A IDADE E INTERESES DOS ALUMNOS COMO POTENCIACIÓN DO PLAN LECTOR. -Debido á situación sanitaria actual, os estudantes, ademais do libros en papel, tamén terán a posibilidade de descargar no seu ordenador a versión dixital do caderno de traballo para poder traballar dende casa cando queiran, haxa ou non reclusión. -Tamén mercaremos libros dixitais co diñeiro asignado ao departamento para que se afagan a esta modalidade que pronto será unha ferramenta esencial na formación dos nosos alumnos.

7. AVALIACIÓN

O obxectivo principal da avaliación é verificar en que medida o alumno é capaz de utilizar a lingua aprendida en situacións de comunicación reais ou simuladas. Trátase de valorar as capacidades de comprensión e expresión oral e escrita que aparecen nos obxectivos xerais da área. A avaliación plantexarase de forma positiva, como parte da aprendizaxe e como medio para superar as dificultades, e non só como un conxunto de notas que dará o resultado final de cada trimestre.

7.1 AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación será continua xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o axeitado, se establecerán medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo. Cómpre levar a cabo varios tipos de avaliación: individual, formativa, sumativa, autoavaliación, etc. Realizarase fundamentalmente a través da observación sistemática da fluidez e corrección na transmisión dunha mensaxe na aula, a través de probas: cuestionarios, comentarios, conversacións, tests, etc que valoren as destrezas practicadas na aula. Serán probas comunicativas, interactivas e diversificadas. Como centro do proceso de aprendizaxe, o alumno/a ten que responsabilizarse do mesmo e reflexionar acerca do seu propio progreso, sendo consciente dos seus propios fallos para aplicar as correccións necesarias.

7.2 AVALIACION INICIAL

A principio de curso farase unha avaliación inicial para saber o nivel de coñecementos previos do alumnado e poder reforzar aqueles aspectos nos que poidan ter máis dificultades. Esta avaliación inicial pode consistir nunha conversa, na elaboración dun texto por parte do alumnado, nun exercicio de comprensión lectora ou nun cuestionario gramatical e semántico. Ademais, a información obtida da observación directa do alumnado ao longo deste primeiro mes de curso tamén se empregará como avaliación inicial.

7.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para avaliar con eficacia o progreso e o esforzo do alumno, se valorarán todo tipo de actividades para que os alumnos entendan a importancia de todas elas e manteñan un ritmo de traballo constante. Haberá 3 avaliacións ao longo do curso.

En cada avaliación haberá:

- Polo menos unha proba (80% da nota) que incluírá unha parte escrita con contidos gramaticais, vocabulario, comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais e produción de textos escritos, e unha parte oral de produción de textos orais. No caso de haber máis probas destas características, entre todas sumarán o 80 % da nota total do trimestre.
- Para o 20 % restante da nota se terá en conta o caderno do alumnado, o libro de exercicios, a realización de deberes, as notas de probas menores, presentacións orais feitas na clase, redaccións, exercicios relacionados cos estándares de aprendizaxe, competencias clave e elementos transversais, e, no caso de ser posible, traballos en grupo. Valorarase que as actividades estean realizadas no caderno do alumno, así como a presentación, orde, limpeza, corrección ortográfica e emprego das TICs tanto nas redaccións como nas presentacións orais.
- Tentarase facer, polo menos nunha das avaliacións, un exame oral ou escrito sobre un libro de lectura. A nota deste exame reflectirase no apartado de comprensión lectora.

7.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O departamento avaliará fundamentalmente a competencia lingüística pero tamén a competencia social e cívica e a competencia de aprender a aprender. As actividades elixidas para traballar na clase sempre contemplan o desenvolvemento das outras competencias clave, inda que non se inclúan nos criterios de cualificación de forma concreta e sistemática.

Criterios de avaliación	Grado de dominio				
	SB	NT	BI	SF	IN
Extrae información global de mensaxes orais, sobre temas cotidiás. Competencias en comunicación lingüística, cultural e artística.					
Extrae a idea principal do texto global. Competencia en comunicación lingüística.					
Participa en conversacións breves, nas que prime a comunicación, producindo un discurso comprensible. Competencias en comunicación lingüística, social e cidadá, coñecemento e interacción co mundo físico, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.					
Extrae a información global e específica de acordo cos obxectivos plantexados en textos escritos auténticos. Competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, coñecemento e interacción co mundo físico.					
Le comprensivamente aplicando as normas de pronunciación. Competencias en comunicación lingüística e aprender a aprender.					
Utiliza o dicionario para obter información cando a necesita. Competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, tratamento da información e competencia dixital.					
Redacta textos sencillos e coherentes de acordo cos obxectivos das unidades. Competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, tratamento da información e competencia dixital, autonomía e iniciativa persoal.					
Aplica as normas gramaticales nos automatismos de auto corrección oral e exercicios escritos. Competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.					
Utiliza todas as estratexias de comunicación en textos orais e escritos. Competencias en comunicación lingüística, cultural e artística, autonomía e iniciativa persoal, coñecemento e interacción co mundo físico.					
Utiliza todas as estratexias de comunicación e recursos expresivos para superar as posibles dificultades de comprensión e expresión. Competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.					

TRABALLO NA CLASE E ACTITUDE	GRADO DE CUMPLIMENTO		
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Traballo na clase (acaba as tarefas que se lle solicita)			
Ten o caderno ao día.			
Participación e interese (escoita as explicacións e se esforza en usar o idioma inglés na clase)			
Comportamento (respecta á profesora e aos seus compañeiros e coida o material)			

7.5 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente farase tanto de forma individual como no grupo tendo en conta os indicadores de logro. Os indicadores previos a práctica docente son importantes: a elección de material didáctico, a preparación de medios audiovisuais, a análise de resultados do curso anterior, ás modificacións na programación axeitadas a os cambios no Centro e a preparación do material.

Entre os indicadores de aplicación durante o curso compre enumerar:

- 1 As revisións periódicas de control de cumprimento da programación.
- 2 A avaliación cualitativa, mensual e trimestral, da marcha e resultados obtidos polos alumnos co traballo e resposta na clase e nas probas obxectivas.
- 3 Os feedbacks periódicos da materia a súa asimilación real polos alumnos.
- 4 Análise da razóns entre actividades orais e escritas e entre actividades grupais e individuais, para asegurar o seu adecuado equilibrio.
- 5 Análise das medidas adoptadas para dinamizar as clases, a súa frecuencia e os seus resultados.
- 6 Observación e control dos alumnos que presenten retrasos na aprendizaxe para establecer ou propoñer a eventual necesidade de adaptación curricular ou plans de mellora.
- 7 Revisar criticamente a secuencia e temporalización dos contidos cando se dean circunstancias que o aconsellen, e alomenos unha vez por mes.
- 8 Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que o seu contido concorda ó 100% coa materia a avaliar.
- 9 Asegurar regularmente o repaso da materia xa explicada e sempre antes das probas de avaliación.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para poder responder en todo momento ás necesidades do alumnado, o profesorado do departamento de inglés estará en contacto co departamento de orientación. Nos casos nos que fose preciso, realizarase unha adaptación da programación ao nivel de coñecementos do alumnado.

Ademais, é preciso indicar que a propia natureza da materia de lingua estranxeira permite que se empreguen diferentes temáticas para poder atraer a atención de todo o alumnado e a variedade de recursos e materiais, así como de actividades, permite que se contemplen os diferentes ritmos e tipos de aprendizaxe.

9. PLAN DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Para recuperar a materia pendente ao longo do curso, terase en conta a evolución, o traballo, o esforzo e o interese do alumno/a durante o ano escolar en curso. Se ao finalizar a segunda avaliación do ano en curso, o alumno aproba a materia, se considerarán superados os mínimos esixibles do curso anterior pendente. No caso de

non aprobar as dúas primeiras avaliacións os alumnos/ alumnas realizaran un exame da materia do curso que teñen suspenso. Os alumnos/as coa área de inglés pendente de algún curso anterior poderán realizar aquelas tarefas que o profesor considere e propoña ao longo do curso, co fin de recuperar e repasar.

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

10.1 O PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs NESTE PROXECTO DIDÁCTICO

OBXECTIVO XERAL

A incorporación das TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe como un recurso máis ten como obxectivo a adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer co fin de acadar unha competencia dixital.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA OS NÓSOS ALUMNOS

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O noso principal obxectivo é potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo tanto no proceso de ensino-aprendizaxe dentro da aula como no proceso de autoaprendizaxe fóra dela. Por todo isto os nosos principios metodolóxicos baséanse en:

- Empregar todos os recursos que para este fin ten o noso centro.
- Incluír paulatinamente o uso das TIC nas actividades de aula.
- Fomentar o uso de Internet como ferramenta de consulta e de gran utilidade na busca de información.
- Concienciar ao alumnado da importancia dunha axeitada e crítica utilización de Internet.
- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.

10.2 PLAN DE INTEGRACIÓN DO PROXECTO LECTOR

O principal obxectivo do Proxecto lector é o fomento da lectura. É este o obxectivo que consideramos máis ambicioso e máis difícil de poñer en marcha xa que moitos alumnos/as soamente len por obriga. Aínda con esas dificultades é vital afrontar o reto de promover o intenso pracer da lectura e intentar que os nosos alumnos collan este hábito nestas idades nas que están a forxar as súas personalidade. A filosofía do Proxecto Lector defende que a lectura é unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo. Este plan nace cos seguintes obxectivos:

- Fomentar o hábito lector dende a área de lingua estranxeira en todos os niveis.
- Desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Utilizar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Ter lido e resumido (de forma oral ou por escrito), ao termo de cada curso, polo menos un libro, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do profesor como por iniciativa propia.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como medio de gozo, información e enriquecemento persoal.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

- Utilizaranse libros adaptados, contos curtos ou letras de cancións como o instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Utilizarase a Biblioteca cando sexa posible como centro de recursos e apoio á aprendizaxe.
- Buscaranse e aplicarán estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.
- Consensuaranse algúns aspectos metodolóxicos de maneira que non se produza unha ruptura no proceso de aprendizaxe da lectoescritura.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As programacións didácticas elaboraranse contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial. Ao longo de este curso aínda non parece posible que o alumnado asista a algunha representación teatral ou outras actividades culturais que traten da cultura e da sociedade dos países de lingua inglesa. Promoverase calquera experiencia e actividade que procure o intercambio cultural en calquera aspecto con outros países. Intentarase que os nosos grupos de ESO participen de novo no concurso europeo entre países non falantes de inglés THE BIG CHALLENGE, baseado no coñecemento desta lingua e aspectos socioculturais. Todas as posibles actividades extraescolares contemplaranse en función da situación sanitaria, e cando sexa o mellor momento para non interromper o ritmo normal das clases.

12. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

As programacións didácticas responden a un intento de racionalizar a práctica educativa con obxecto que esta se desenvolva seguindo un plan. Deste xeito pódese adaptar o traballo pedagóxico ás características do contexto e do alumnado, eliminando a improvisación o que non implica que este traballo quede determinado ou pechado. Esta flexibilidade fai que a programación deba ser continuamente revisada en función da súa marcha.

Utilizaranse como criterios de avaliación desta programación os resultados obtidos nas diferentes probas feitas en cada avaliación, enquisas que se lle pasarán ao alumnado ao final de cada trimestre así como a observación da marcha do traballo na aula por

parte do profesorado. Tendo todo isto en conta poderanse modificar todos aqueles aspectos que sexan necesarios, tales como, por exemplo, os recursos didácticos empregados, as acción previstas para a integración das TICs ou do proxecto lector.

XEFA DE DEPARTAMENTO

Asdo.: Mariel Cuervo Sánchez